



Secretaría Xeral de Política Lingüística

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

2015



XUNTA
DE GALICIA

LINGUA DE NAMORAR

As consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, respectivamente, convocan **Lingua de namorar**, un concurso en liña de mensaxes de amor en galego dirixido á mocidade.

Obxectivos

Dinamizar o uso da lingua galega entre os mozos e mozas nas súas relacións persoais e nas tecnoloxías da información e da comunicación, nomeadamente, en internet e na mensaxería instantánea.

Incrementar a percepción do galego como unha lingua que é útil para os momentos de lecer e momentos de diversión.

Características das mensaxes

As mensaxes de amor deberán estar escritas en lingua galega e poderán redactarse en prosa ou en verso.

A extensión máxima da mensaxe será de 350 caracteres, incluídos os espazos en branco.

Cada participante poderá enviar un máximo de dúas mensaxes ao concurso.

Criterios de valoración

Teranse en conta o grao de elaboración da mensaxe, a orixinalidade e a calidade da lingua. Todas as mensaxes deberán ser inéditas.

A organización do concurso poderá desbotar aquelas mensaxes de carácter discriminatorio ou ofensivo.

Persoas destinatarias e categorías

Lingua de namorar é un concurso dirixido a toda a mocidade con idades comprendidas entre os 14 e os 35 anos.

Establécense dúas categorías de idade:

- Categoría A: de 14 a 19 anos
- Categoría B: de 20 a 35 anos

Premios

Establécense tres premios por cada unha das categorías de idade:

Categoría A:

- 1º Tablet 4.0, 10,1" de 32 XG + actividade de aventura para dúas persoas
- 2º Disco duro Toshiba Canvio Basics 2.5" (USB 3.0, 1 TB)
- 3º Videocámara deporte dixital impermeable

Categoría B:

- 1º Cámara somerxible Fujifilm FinePix XP70 + actividade de aventura para dúas persoas
- 2º Tablet para lectura Kindle, con pantalla táctil de 6"
- 3º Tarxeta regalo Spotify Premium de 6 meses

Procedemento de participación

Para poder enviar as mensaxes cumprirá rexistrarse na páxina do concurso: <http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar.html>, para o que se deberá cubrir un formulario de inscrición.

Todas as mensaxes serán publicadas na páxina do concurso e estarán identificadas polo título e mais polo número que se lles asigne. As mensaxes gañadoras serán as únicas que se identifiquen co nome e apelidos dos autores e autoras.

Prazo de presentación

A data límite para enviar as mensaxes é o 22 de febreiro.

Votación

Unha vez rematado o prazo para enviar as mensaxes, abrírase un período para votar que abarcará do 23 ao 27 de febreiro.

As persoas que queiran participar só como votantes tamén se deberán rexistrar na páxina do concurso. Cada usuario/a poderá votar por un máximo de tres mensaxes en cada unha das categorías de idade.

Xurado

O xurado do concurso estará conformado por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística, un representante da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, un representante da Rede de Dinamización Lingüística, un representante da Rede de Información e Documentación Xuvenil e unha escritora ou escritor recoñecido en lingua galega.

Resolución

O xurado do concurso reunirase unha vez rematado o prazo de votación e elixirá as declaracións gañadoras de entre as 50 declaracións máis votadas polos usuarios e usuarias en cada unha das categorías de idade.

Os nomes das persoas gañadoras publicaranse o 9 de marzo na páxina web <http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar.html>.

Entrega de premios

No mes de marzo haberá unha entrega de premios que terá lugar en Santiago de Compostela.

Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a plena aceptación destas bases. A organización resérvase o dereito de modificar e interpretar as bases deste concurso sempre e cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento.